



CONCELLO DE ORDES

(A CORUÑA)

CONVOCATORIA

Pola presente convocase a Vd. á **SESIÓN ORDINARIA**, que se celebrará na CASA CONSISTORIAL polo **CONCELLO PLENO**, ás vinte horas do día vinte e catro de novembro de dous mil dezasete, en primeira convocatoria e se procederá en segunda de acordo co estipulado no artigo 31.2 do ROF do Concello.

A partir desta data ten Vd. a súa disposición, na Secretaria desta Corporación, os antecedentes relacionados cos asuntos que figuran na seguinte:

ORDE DO DÍA

PUNTO PRIMEIRO: APROBACIÓN, SE PROCEDE, ACTA DA SESIÓN ANTERIOR, DE DATA 27/10/2017.

PUNTO SEGUNDO: INFORMES DA ALCALDÍA

PUNTO TERCEIRO: DAR CONTA DAS RESOLUCIÓNS E DECRETOS DA ALCALDÍA.

PUNTO CUARTO: MOCIÓNS.

PUNTO QUINTO: ROGOS E PREGUNTAS.

Ordes, 21 de novembro de 2.017

O Alcalde-Presidente

José Luis Martínez Sanjurjo

SRS. CONCELLEIROS do CONCELLO de ORDES



CONCELLO DE ORDES

(A CORUÑA)

ACTA Nº 19/2017

FOLLA Nº 1

CONCELLO DE ORDES

PROVINCIA DE A CORUÑA

ACTA DA SESIÓN ORDINARIA, CELEBRADA POLO PLENO CORPORATIVO MUNICIPAL O DIA VINTE E CATRO DE NOVEMBRO DE DOUS MIL DEZASETE.

En Ordes, a vinte e catro de novembro de dous mil dezasete.

No Salón de Sesións da Casa Consistorial, reúnese en primeira convocatoria a Corporación Municipal en Sesión Ordinaria, baixo a Presidencia de D. José Luis Martínez Sanjurjo, Alcalde-Presidente, e coa asistencia dos Srs. Concelleiros.

- ANA Mª SONEIRA LIÑARES
- JOSÉ MANUEL MIRA GÓMEZ
- JOSÉ MANUEL RODRÍGUEZ MÉNDEZ
- SUSANA GARCÍA GÓMEZ
- MANUEL REGOS BOQUETE
- JOSÉ LUÍS GÓMEZ CANDAL
- PABLO VIDAL RÍOS
- PAULA CASTENDA BLANCO
- GONZALO VEIRAS CARNEIRO
- ALEJANDRO MANTEIGA GARCÍA
- BEATRIZ MARTÍNEZ CANDAL
- ROBERTO JESÚS GONZÁLEZ SANTOS
- MANUEL IGLESIAS VIEITES
- LEONCIO GÓMEZ LIÑARES

Non asisten:

- LUIS CAAMAÑO FRAGA
- JOSÉ RAMÓN VÁZQUEZ RAÑA

Asiste o Sr. Secretario da Corporación D. Juan Luís González Iglesias, que dá fe do acto.

Aberta a sesión e declarada pública pola Presidencia ás vinte horas, previa comprobación do quórum de asistencia preciso para que poida ser iniciada, procédese a coñecer dos asuntos incluídos na orde do día.

Con carácter previo polo Sr. Secretario dáse lectura á Declaración Institucional con motivo do 25 de novembro, asinada por todos os grupos políticos e concelleiros non adscritos.

“DÍA INTERNACIONAL DA ELIMINACIÓN DA VIOLENCIA CONTRA AS MULLERES

As mulleres e os homes que formamos parte da corporación municipal de Ordes manifestamos que a violencia machista é un dos problemas máis graves ao que nos enfrentamos hoxe en día na nosa sociedade. Un tipo de violencia que sofren as mulleres polo simple feito de o seren, unha desigualdade silenciada, agochada e en moitos casos normalizada. Segundo os datos da última Macroenquisa de violencia contra as mulleres realizada no 2015 polo Ministerio de Sanidade, Servizos Sociais e Igualdade, un 13% das mulleres residentes en España de máis de



CONCELLO DE ORDES

(A CORUÑA)

FOLLA Nº 2

16 anos declaran ter sufrido violencia física ou sexual nalgún momento da súa vida por parte da parella ou exparella, un 26% violencia psicolóxica de control -celos, control de horarios e actividades etc. e un 20% violencia psicolóxica emocional -insultos, intimidacións, ameazas verbais, etc. E constatando cifras tan alarmantes como que desde o ano 2010 até o que vai de 2017 hai constancia de 55 feminicidios so en Galiza.

A causa de todas estas violencias está directamente vinculada coa hexemonía aínda vixente na nosa sociedade dunha cultura patriarcal, a través da cal se reproducen os roles de xénero, os comportamentos discriminatorios e machistas e un sen fin de desigualdades sociais para as mulleres. Por iso mesmo, a súa erradicación esixe a posta en marcha de actuacións de carácter integral e transversal, que busquen transformar esta cultura e que promovan unha sociedade plenamente igualitaria. Tal e como terían manifestado de forma reiterada os movementos de mulleres e feministas, é preciso tomar conciencia de que o machismo mata e fai imposible a convivencia requirida nunha democracia.

Este pleno, por unanimidade, considera que a loita contra este tipo de violencias debe ser unha prioridade institucional e política para todas as administracións públicas. No caso dos gobernos do estado e do goberno galego, parece claro que esta problemática ten que ocupar un lugar central na axenda política. A pesar de levar anos legislando a favor da igualdade de xénero, os resultados amosan que os esforzos realizados non foron suficientes e que é preciso recoñecer os erros e emendalos. Neste senso, é urxente mellorar o marco legal actual, entre outras cousas, revisando a propia definición de violencia de xénero e o seu alcance, recoñecendo xuridicamente o fenómeno do feminicidio e incluíndo apoio económico, psicolóxico e social tanto para as mulleres nesta situación como para os fillos e fillas, etc. Tamén é necesario que estas administracións destinen máis recursos públicos para a abordaxe desta problemática e que garantan o traballo en materia de igualdade no ámbito preventivo e educativo. Neste senso, instamos á Xunta de Galicia a que siga traballando na concreción do Pacto galego contra as violencias machistas acordado por unanimidade polo Parlamento galego o pasado 25 de xaneiro, e que, en todo caso, continúe incrementando o orzamento de 2018 para a prevención e a loita contra todas as formas de violencia exercidas contra as mulleres co obxectivo de acadar o 1% do orzamento da Xunta.

O Concello de Ordes comprométese a seguir traballando en programas para a erradicación da violencia machista así como a colaborar e coordinar en todas as accións que se leven adiante desde outras entidades e o goberno galego. Nesta liña de colaboración tamén garantimos o noso apoio ás mobilizacións que desenvolvan contra a violencia de xénero os 365 días do ano”.

PUNTO PRIMEIRO: APROBACIÓN, SE PROCEDE, ACTA DA SESIÓN ANTERIOR DE DATA 27/10/2017.

Polo Sr. Alcalde procédese a preguntar aos demais membros da Corporación se teñen algo que obxectar á acta da sesión ordinaria de data 27/10/2017, cuxa minuta foi distribuída coa convocatoria, todo isto ó abeiro do disposto no art. 91 do Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais.

Intervén o Sr. González Santos, concelleiro non adscrito, que sinala que na Folla nº 11. Moción incendios, na votación aprecia o erro seguinte:



CONCELLO DE ORDES

(A CORUÑA)

FOLLA Nº 3

Onde di

.../...

Tras unha pequena deliberación, o Pleno Corporativo Municipal, en votación ordinaria, por maioría de doce votos a favor (2 grupo político UxO, 3 grupo político BNG, Sr. Manteiga García, Sr. Caamaño Fraga, Sr. González Santos, Sra. Martínez Candal, Sr. Vázquez Raña, Sr. Iglesias Vieites, Sr. Gómez Liñares), coas abstencións (5 grupo político PP), sendo dezasete o número legal dos seus membros, adoptou o seguinte acordo:

.../...

Debe dicir

.../...

Tras unha pequena deliberación, o Pleno Corporativo Municipal, en votación ordinaria, por maioría de nove votos a favor (2 grupo político UxO, 3 grupo político BNG, Sr. Manteiga García, Sr. Caamaño Fraga, Sra. Martínez Candal, Sr. Iglesias Vieites, Sr. Gómez Liñares), coas abstencións (5 grupo político PP, Sr. González Santos e Sr. Vázquez Raña), sendo dezasete o número legal dos seus membros, adoptou o seguinte acordo:

.../...

A acta da sesión ordinaria de data 27/10/2017, resultou aprobada por maioría de dezasete votos a favor, sendo dezasete o número legal de membros da Corporación, coa corrección sinalada polo Sr. González Santos.

PUNTO SEGUNDO: INFORMES DA ALCALDÍA.

Polo Sr. Alcalde dase conta das actuacións seguintes.

- En relación coa pregunta da Sra. Martínez Candal sobre o punto eléctrico do tanatorio municipal, que a partir de aí fixo uns contactos con Fenosa e logo presentou un escrito no concello. Os técnicos municipais miraron o que pasaba aí, trouxo a este pleno a copia do contrato. Non se trata de incidir sobre o asunto. O concello xa ten feita a solicitude de subministro de electricidade definitivo dende o 13 de novembro. Da anterior corporación consta no expediente o certificado da instalación eléctrica, certificado de inspección de instalación eléctrica de baixa tensión, documentación que se presentou na Consellería de Innovación e Industria con data 20 de xaneiro de 2010. Despois de falar coa subministradora vese que houbo un mal entendido grande. Hai que proceder á corrección dese punto definitivo. Nunca houbo unha mala intención polo goberno. O anterior goberno fixo a súa función. Por que non se fixo o trámite de alta definitiva non o sabe. A documentación existe e a documentación foi presentada e esta incorporada no proxecto de reforma do tanatorio. Na factura en ningún punto di que se trate dun subministro de obra, aínda que internamente para Fenosa así lles conste. Espera que nos próximos días a comercializadora e subministradora se poñan en contacto co concello para proceder á alta definitiva deste punto de electricidade.

Os Srs. concelleiros danse por decatados.



CONCELLO DE ORDES

(A CORUÑA)

FOLLA Nº 4

PUNTO TERCEIRO: DAR CONTA DAS RESOLUCIÓNS E DECRETOS DA ALCALDÍA.

En cumprimento do disposto no art. 42 do Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais, a Presidencia da conta das resolucións e decretos de Alcaldía adoptados dende a última sesión ordinaria celebrada o día 27 de outubro de 2.017, para que os Srs. Concelleiros coñezan o desenvolvemento da administración municipal, aos efectos de control e fiscalización dos órganos municipais de goberno, previsto no art. 22.2.a da Lei 7/1985 de 2 de abril e art. 42 do Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais.

O Pleno Corporativo Municipal dáse por decatado.

PUNTO CUARTO: MOCIÓNS.

Concluído o exame dos asuntos incluídos na orde do día e antes de pasar á quenda de rogos e preguntas o Sr. Alcalde pregunta se algún grupo político desexa someter á consideración do Pleno por razóns de urxencia algún asunto non comprendido na orde do día que acompañaba a convocatoria nos termos establecidos no art. 34.2 do Regulamento Orgánico Municipal e que non teña cabida no punto de rogos e preguntas.

Polos concelleiros non adscritos e grupos políticos preséntanse as mocións seguintes.

Intervén a Sra. Martínez Candal, concelleira non adscrita, que presenta a moción que se transcribe a continuación.

“Segundo a Lei 5/2016, de 4 de maio, de Patrimonio Cultural de Galicia no seu artigo 33 en canto ás medidas de protección, di no seu punto primeiro que A Xunta de Galicia fomentará medidas e actuacións dirixidas a garantir a protección do patrimonio cultural de Galicia. E di no seu punto segundo: en especial, a Xunta de Galicia poderá acordar medidas de colaboración entre outros coa Administración Local que fortalezan e melloren a vixilancia e a seguridade dos bens que integran o patrimonio cultural de Galicia, especialmente cando se vexan ameazados por actos de espolio ou destrución.

Entendo que o parlamento galego aproba moitas leis pero está a facer cero actuacións para levalas a cabo, xa que non se observan medidas nin de vixilancia nin de seguridade dos bens.

Por poñer un exemplo, fai uns días vin como un tractor desbrozaba unha parcela onde supostamente hai un túmulo ou mámoa, pero o peor non é que o dono da parcela faga esta labor sen coñecemento da existencia do ben, senón que quedo abraiada ó enterarme de que o desbroce que está a levar a cabo o propietario, foi por orde do Concello, orde que se emitiu dende a Alcaldía para que se procedese a limpar a parcela, porque parece ser que era perigosa en caso de incendios.

Eu sei que a limpeza dos predios é necesaria, e máis despois do que levamos padecido este ano cos lumes, pero a descoordinación é total entre goberno autonómico e concellos, fai pensar



CONCELLO DE ORDES

(A CORUÑA)

FOLLA Nº 5

que temos moitas leis que de nada serven, porque a competencia para que se cumpran esas leis é do goberno autonómico, un goberno autonómico que nada fai, nin nada invirte no noso patrimonio.

Despois esta o problema do descontento dalgúns veciños que din que nada hai en certos puntos que aparecen catalogados no plan xeral, e claro, eu preguntome porque agora que o Alcalde aproveitou para actualizar o catálogo de bens como vostede mesmo adiantou no pasado pleno cando nos contou que se excluírán ata tres bens do catálogo porque segundo vostede, debíanse a un erro do catálogo do plan xeral, preguntome porque non procedeu a facer un inventario dos bens que realmente existen, e deixar xa o catálogo actualizado cos bens reais, e así non ter que padecer dos incordios que supón facer trámites de licencias onde realmente non son bens, pero que non se sabe porqué aparecen así catalogados, e así seguirán anque non o sexan. Agora é o momento de facer ese traballo. Agora antes da aprobación definitiva do Plan Xeral.

O artigo 37 da mesma lei, ven decindo que as persoas propietarias, posuidoras ou arrendatarias e en xeral as titulares dos dereitos reais sobre bens declarados de interese cultural ou catalogados están obrigadas a comunicar á consellería competente en materia de patrimonio cultural calquera dano ou prexuízo que sufrisen e que afecte de forma significativa a súa labor cultural.

Pois ben, hai que dicir que moitos dos propietarios, descoñecen que dentro das súas leiras ou predios exista ningún tipo de ben patrimonial. E tal o descoñecemento que non é extrano ver parcelas onde supostamente hai un ben, totalmente traballadas cos tractores. Isto so se pode deber á falta de información, e a nula indicación de cada ben.

Temos unha lei con texto consolidado dende o pasado 25 de outubro segundo o Boletín Oficial do Estado. Pero é evidente que faltan as medidas reais que axuden a garantir a conservación dos bens.

E por todo isto polo que proponho ao Pleno do Concello de Ordes o seguinte acordo:

Instar á Xunta de Galicia a que elabore un Plan de Protección dos Bens Catalogados, no que se inclúa a sinalización de cada ben, con cartel en donde se indique a descrición do ben segundo: clasificación, declaración e catalogación do ben. Sabendo que é competencia da Xunta de Galicia segundo o artigo 122 da lei 5/2016 a difusión, a formación e educación sobre o coñecemento do patrimonio, onde no seu punto primeiro sinala que a Xunta de Galicia promoverá o coñecemento do patrimonio cultural e das actividades e medidas para a súa salvagarda mediante as adecuadas campañas públicas de divulgación e sensibilización”.

Sometida a votación a urxencia da moción presentada, esta resultou apreciada por maioría de quince votos a favor (5 grupo político PP, 4 grupo político UxO, 3 grupo político BNG, Sr. Manteiga García, Sr. González Santos, Sra. Martínez Candal), sendo dezasete o número legal de membros desta corporación, procedendo seguidamente o seu debate e votación.



CONCELLO DE ORDES

(A CORUÑA)

FOLLA Nº 6

Polo Sr. Alcalde ábrese unha primeira quenda de intervencións.

Intervén o Sr. González Santos, concelleiro non adscrito, que sinala que está de acordo en que hai cousas que non coinciden co proxecto da Xunta de Galicia. Corresponde aos técnicos de Patrimonio a catalogación dos bens, o concello so pode suxerir.

Intervén o Sr. Manteiga García, voceiro do grupo político mixto-PSdeG-PSOE, que sinala que todo o que sexa a promoción da cultura e protección do noso patrimonio están a favor.

Intervén a Sr. Veiras Carneiro, en representación do grupo político BNG, que sinala que sempre foron punta de lanza na defensa do patrimonio histórico, así o fixeron cando puxeron aquelas condicións para a aprobación inicial do PXOM, de aumento dos bens catalogados que alí se recollían, que se aumentaron nun corenta por cento. O patrimonio histórico e cultural pode ser un vector de creación de riqueza, sobre todo para o medio rural. As campañas de sensibilización das que se fala na moción son ben importantes, moitas veces a xente ve o patrimonio como un problema. É importante incidir na sensibilización, facerlle ver á xente a importancia de conservar e por en valor o noso patrimonio.

Intervén o Sr. Regos Boquete, voceiro do grupo político UxO, que sinala que unha vez recibido o informe de Patrimonio nas comisións informativas falarase de todo aquilo que esta ben, mal e se pode corrixir. Van apoiar esta moción por que a formación e a educación sobre o patrimonio é moi importante.

Intervén o Sr. Alcalde, que vai a matizar dúas cuestións en relación co desbroce de fincas con xacementos arqueolóxicos non están suxeitos a control municipal a través da comunicación previa, nin autorización autonómica. So as talas e repoboacións forestais ou aquelas actuacións que impliquen remoción de terras en contornos de protección de patrimonio están suxeitas ao control da Consellería competente en materia de protección do patrimonio. Os decretos do concello en materia de plantacións forestais non están afectados pola normativa de protección de patrimonio. O concello non PXOM fai unha proposta de bens catalogados a última palabra a través do seu informe vinculante corresponde á Dirección Xeral de Patrimonio Cultural. Hai que agardar a que esta Dirección Xeral emita o informe tanto arquitectónico como arqueolóxico e a partir de aí corrixiranse os erros e faranse as emendas nas comisións informativas oportunas.

Tras unha pequena deliberación, o Pleno Corporativo Municipal, en votación ordinaria, por maioría de quince votos a favor (5 grupo político PP, 4 grupo político UxO, 3 grupo político BNG, Sr. Manteiga García, Sr. González Santos, Sra. Martínez Candal), sendo dezasete o número legal dos seus membros, adoptou o seguinte acordo:

Instar á Xunta de Galicia a que elabore un Plan de Protección dos Bens Catalogados, no que se inclúa a sinalización de cada ben, con cartel en donde se indique a descrición do ben segundo: clasificación, declaración e catalogación do ben. Sabendo que é competencia da Xunta de Galicia segundo o artigo 122 da lei 5/2016 a difusión, a formación e educación sobre o coñecemento do patrimonio, onde no seu punto primeiro sinala que a Xunta de Galicia promoverá o coñecemento do patrimonio cultural e das actividades e medidas para a súa salvagarda mediante as adecuadas campañas públicas de divulgación e sensibilización.



CONCELLO DE ORDES

(A CORUÑA)

FOLLA Nº 7

Intervén a Sra. Martínez Candal, concelleira non adscrita, que presenta a moción que se transcribe a continuación.

“Na parroquia de Beán hai varios bens dentro do catálogo arqueolóxico de patrimonio cultural galego. Un dos que aparece no listado de bens a protexer dentro do grupo arqueolóxico é o denominado Castro / A Medorra / Castro de Nouche, do que adxunto plano, e que aparece no catálogo co código GA15059014.

Despois de expresarme o interese pola conservación e restauración deste castro varios veciños da zona, pareceume motivo suficiente para traer hoxe aquí esta proposta.

Estes veciños aseguran que o castro está asentado sobre terreo en man común, ou parece ser que iso se lles informou no seu día, cando se realizou a parcelaria nesta parroquia.

Aínda así é preciso que o Concello comprobe a titularidade do ben.

Estes veciños crearon nunha coñecida rede social unha páxina, da que son seguidores aproximadamente 350 persoas, na que manifestan que "a conservación do noso patrimonio é importante, propoñemos que se protexa e se conserve axeitadamente o Castro de Nouche". Decidiron chamarlle a esta páxina "Pola conservación: Castro de N".

E moi importante que as administracións se involucren e se comprometan coa conservación do noso patrimonio, pódese observar que cada ben restaurado atrae a milleiros de persoas fomentando deste xeito o turismo. Administracións como Fomento que sacou a concurso en decembro de 2015 para restaurar xacementos na provincia de Pontevedra entre os que se encontraban ata seis castros (Castro de Alobre, Igrexa Vella, Mercado dos Mouros, Agro Vello, A Lanzada, e o Monte do Castro) a través dun convenio que xestionou a Deputación de Pontevedra directamente. Ou como o Concello de Porto do Son que cando non encontrou o diñeiro necesario noutras administracións para arranxar unha das murallas do Castro de Baroña que destragaron os temporais, decidiu recorrer aos fondos propios.

Debe ser obriga dos Concellos avivar a sensibilidade pola conservación dos seus xacementos, favorecer o seu coñecemento, ou mellorar as condicións nas que se encontran.

E polo que propoñemos ao Pleno da Corporación Municipal a adopción do seguinte acordo:

Instar ao Concello de Ordes logo de comprobar a titularidade do ben, a mediar coas demais administracións (tanto Deputación da Coruña mediante o plan sobre protección do patrimonio, como coa Xunta de Galicia a través de fondos europeos, ou co goberno central a través de Fomento) para que se comprometan coa axuda económica necesaria para a conservación e restauración do Castro de Nouche, e si fose necesario coa aportación de fondos propios do Concello de Ordes”.

Sometida a votación a urxencia da moción presentada, esta resultou apreciada por maioría de quince votos a favor (5 grupo político PP, 4 grupo político UxO, 3 grupo político BNG, Sr. Manteiga García, Sr. González Santos, Sra. Martínez Candal), sendo dezasete o número legal de



CONCELLO DE ORDES

(A CORUÑA)

FOLLA Nº 8

membros desta corporación, procedendo seguidamente o seu debate e votación.

Polo Sr. Alcalde ábrese unha primeira quenda de intervencións.

Intervén o Sr. González Santos, concelleiro non adscrito, que sinala que está ben. Pregunta se a parcela é propiedade do concello ou da Xunta de Galicia.

Intervén o Sr. Alcalde, que sinala que estamos nun proceso de concentración parcelaria Beán-Pereira II. Estamos nunha zona sen rematar, pendente de firmeza, polo que non hai seguridade xurídica. Estamos a falar dun castro que a efectos xurídicos segue pertencendo a mans privadas. Unha vez rematado o proceso de concentración parcelaria e se decrete a firmeza vai a pasar á propiedade do Banco de Terras de Galicia. Estamos nun bypass de tempo non que ningunha administración pública pode facer ningunha actuación. A menos que se faga unha cesión anticipada a través dun acordo da Xunta Local de Concentración Parcelaria de Beán-Pereira. Non é unha das parcelas que no ano 2013 esta Xunta Local tivo a ben reservar como de titularidade municipal. Neste momento o acordo non se pode levar a cabo por ningunha das administracións públicas que se indica. Polo que a moción debería posporse ata a incorporación desta parcela ao Banco de Terras de Galicia. A moción está ben, ten o seu mérito que se defenda este ben. Se se continua coa moción van absterse.

Intervén o Sr. González Santos, concelleiro non adscrito, que sinala que hai que esperar entón.

Intervén a Sra. Martínez Candal, concelleira non adscrita, que pregunta se o Sr. Alcalde sabe cando vai a ser firme o acordo de concentración parcelaria. Se se pode estudar a opción de que o propietario ceda este ben.

Intervén o Sr. Alcalde, que sinala que no sabe o prazo. Neste momento hai un proceso de concentración parcelaria pendente de firmeza. Na proposta de acordo provisional pasa a ser propiedade do Banco de Terras de Galicia, que non é firme. O único órgano que pode tomar decisións aquí é a Xunta Local de Concentración Parcelaria na que están representados os veciños, concello e administración autonómica. No ano 2013 os veciños da parroquia non manifestaron o seu interese en que ese ben pasase a ser de titularidade municipal, fixeron a solicitude sobre outras. No momento en que pase á titularidade do Banco de Terras de Galicia a Comunidade Autónoma poderá facer o que vostede aquí pide.

Intervén o Sr. Manteiga García, voceiro do grupo político mixto-PSdeG-PSOE, que sinala que se non é posible levala a cabo agora mesmo absteranse tamén.

Intervén a Sr. Veiras Carneiro, en representación do grupo político BNG, que sinala que con independencia da titularidade iso non implica que non poida ser protexido como calquera outro ben.

Intervén o Sr. Alcalde, que sinala que mentres non exista unha titularidade ningunha administración pública vai a facer un investimento.



CONCELLO DE ORDES

(A CORUÑA)

FOLLA Nº 9

Intervén a Sra. Martínez Candal, concelleira non adscrita, que sinala que retira a moción por que non ten sentido agora mesmo.

Intervén a Sr. Manteiga García, voceiro do grupo político mixto-PSdeG-PSOE, que presenta a moción que se transcribe a continuación.

“Os Bens de Interese Cultural (BIC) son aqueles bens mobles, inmobles e inmateriais máis sobranceiros do patrimonio cultural de Galicia, declarados por decreto do Consello da Xunta de Galicia. Esa proposta pode ser iniciativa da consellería competente en materia de patrimonio cultural, despois da tramitación dun procedemento incoado, ou para aqueles bens que teñan esta consideración en aplicación da lexislación vixente pode empregarse o procedemento descrito na Sede Electrónica da Xunta de Galicia.

O Concello de Ordes non ten ningún monumento declarado de Interese Cultural (BIC) e esa circunstancia impide que solicite a concesión cultural (subvención do Ministerio de Cultura, o cal dedica o 1% do seu presuposto anual a esta materia) en axuda a recuperación do patrimonio histórico e ao que poden acceder as diferentes institucións.

En Ordes temos varios bens que poden ser considerados Bens de Interese Cultural como son:

- Ponte de Pereira, de data de construción no baixo medieval.
- Igrexa de San Paio de Buscás, templo románico data do século XII, reformada nos séculos XVIII e XIX.
- A Casa dos Maldonado, onde pernoctou Felipe II na noite do 25 de xuño de 1554.
- Igrexa de San Xiao de Poulo, do século XII.
- Castro da Margarida en Buscás.
- Igrexa de Pereira.

Polo que, en condición de Voceiro Municipal do PSdG-PSOE no Concello de Ordes somete a consideración do Pleno esta moción, para que este adopte o seguinte acordo de resolución:

Instar ó concello de Ordes a iniciar o procedemento correspondente para conseguir a declaración de Bens de Interese Cultural dos seguintes bens do noso Concello: Ponte de Preira, Igrexa de San Paio de Buscás, a Casa dos Maldonado, Igrexa de San Xiao de Poulo e o Castro da Margarida en Buscas. Igrexa de Pereira”.

Sometida a votación a urxencia da moción presentada, esta resultou apreciada por maioría de quince votos a favor (5 grupo político PP, 4 grupo político UxO, 3 grupo político BNG, Sr. Manteiga García, Sr. González Santos, Sra. Martínez Candal), sendo dezasete o número legal de membros desta corporación, procedendo seguidamente o seu debate e votación.

Polo Sr. Alcalde ábrese unha primeira quenda de intervencións.



CONCELLO DE ORDES

(A CORUÑA)

FOLLA Nº 10

Intervén o Sr. González Santos, concelleiro non adscrito, que sinala que está de acordo pero cree que hai máis.

Intervén a Sra. Martínez Candal, concelleira non adscrita, que sinala que en concordancia coas dúas mocións que presentou hoxe vai a estar de acordo con esta moción.

Intervén a Sr. Veiras Carneiro, en representación do grupo político BNG, que sinala que se pretende a declaración de todos os bens que hai ao paso do Camiño Inglés. Están de acordo.

Intervén o Sr. Regos Boquete, voceiro do grupo político UxO, que sinala que están de acordo, que se inclúan todos os posibles.

Intervén o Sr. Alcalde, que sinala que están de acordo. O primeiro é pedir presuposto ao arqueólogo. Despois falaremos e iniciaremos o expediente. Se aparecen outros bens falarán sobre eles.

Polo Sr. Alcalde ábrese unha segunda quenda de intervencións.

Intervén o Sr. Manteiga García, voceiro do grupo político mixto-PSdeG-PSOE, que sinala que o Camiño consérvase en gran medida nas tres parroquias seguindo a calzada romana que superpuña o actual tramo con camiños prerromanos. Nas proximidades das tres igrexas citadas existen sendos castros. No caso de Buscás existía tamén unha torre nas proximidades do río. No caso de Pereira hai un importante xacemento romano vencellado a un alfar. A vila romana que se conserva non centro de Cambre fronte á igrexa parroquial está construída con ladrillos fabricados en Pereira. Nas escavacións arqueolóxicas que se fixeron con motivo de rehabilitar a antiga reitoral apareceu un ladrillo completo coas marcas do alfar. A pegada de tres dedos que se mantido durante dous mil anos, sendo o último en empregala prado de Pereira nos anos 80. Nos anos 70 atopouse unha ara romana que está depositada no Castelos de San Antón en A Coruña. A ponte de Pereira é medieval aínda que posiblemente substitúa un paso romano. As tres igrexas teñen orixe románico e conservan elementos orixinais. O tramo de Camiño que atravesa as tres parroquias constitúe un conxunto de grande interese histórico, cultural, relixioso, etnográfico, paisaxístico e medioambiental, que conserva en bo estado algúns dos seus elementos máis significativos. Por todo elo consideran importante a posta en valor e protección de todos estes elementos nunha proposta conxunta que permita o seu coñecemento e recoñecemento polos veciños de Ordes e que se constituía nun atractivo cultural e turístico.

Tras unha pequena deliberación, o Pleno Corporativo Municipal, en votación ordinaria, por maioría de quince votos a favor (5 grupo político PP, 4 grupo político UxO, 3 grupo político BNG, Sr. Manteiga García, Sr. González Santos, Sra. Martínez Candal), sendo dezasete o número legal dos seus membros, adoptou o seguinte acordo:

Iniciar o procedemento correspondente para conseguir a declaración de Bens de Interese Cultural dos seguintes bens do noso Concello: Ponte de Preira, Igrexa de San Paio de Buscás, a Casa dos Maldonado, Igrexa de San Xiao de Poulo e o Castro da Margarida en Buscas. Igrexa de Pereira.



CONCELLO DE ORDES

(A CORUÑA)

FOLLA Nº 11

Intervén o Sr. Vidal Ríos, voceiro do grupo político BNG, que presenta a moción que se transcribe a continuación.

“Unha entidade pública como é o concello de Ordes, debería dispor de documentación gráfica (pianos) onde figuren os trazados das redes de servizo de saneamento e abastecemento de augas existentes, tanto públicas como privadas.

Aínda que ben é certo que na documentación que figura no PXOM que se está a tramitar, existen planos das redes de abastecemento e saneamento públicas, cómpre tamén recoller as redes privadas realizadas pola veciñanza en determinados núcleos.

Desde o BNG de Ordes creemos que é básico que o concello dispoña desta documentación de cara a poder programar futuras actuacións de ampliación de redes de saneamento e abastecemento. Ademais tamén consideramos que a mesma debería ser accesible á veciñanza a través da páxina web municipal, e actualizada constantemente.

E polo que propoñemos ao Pleno da Corporación Municipal a adopción dos seguintes acordos:

1.- O pleno do concello de Ordes insta ao alcalde a levar a cabo os trámites precisos para dispor dunha documentación gráfica onde queden recollidas a totalidade das redes de saneamento e abastecemento de auga, tanto públicas como veciñais.

2.- O pleno do concello de Ordes insta ao alcalde a que dita documentación, unha vcz elaborada, sexa publicada na páxina web municipal, actualizada constantemente e accesible a toda a veciñanza”.

Sometida a votación a urxencia da moción presentada, esta resultou apreciada por maioría de quince votos a favor (5 grupo político PP, 4 grupo político UxO, 3 grupo político BNG, Sr. Manteiga García, Sr. González Santos, Sra. Martínez Candal), sendo dezasete o número legal de membros desta corporación, procedendo seguidamente o seu debate e votación.

Polo Sr. Alcalde ábrese unha primeira quenda de intervencións.

Intervén o Sr. González Santos, concelleiro non adscrito, que sinala que está de acordo.

Intervén a Sra. Martínez Candal, concelleira non adscrita, que sinala que está de acordo. Sería beneficioso que os veciños puidesen comprobar na páxina web os servizos dos que dispoñen os solares. Mentres estivo no goberno puido comprobar que había veciños que asistían a comprobar se os solares nos que pretendía construír dispoñían dos servizos. Está a favor de ampliar a información aos veciños. Quere propor unha emenda que sería elaborar un plan integral de abastecemento e saneamento de todo o concello, que recolla as redes existentes e o seu estado actual, hai tramos antigos que están a día de hoxe con tubaxe de fibrocemento. Dentro do mesmo plan que se faga a previsión ou cálculo da rede de saneamento para todo o



CONCELLO DE ORDES

(A CORUÑA)

FOLLA Nº 12

concello. Di isto por que ve como se están a levar a cabo ampliacións da rede por cachos. Cree necesario un proxecto cos cálculos para a rede na súa totalidade. Sería máis fácil decidir despois os tramos que precisan reparacións e os tramos a ampliar segundo os cálculos deste plan integral. Este plan contería o estudo das necesidades que realmente precisa o concello, axudaría a ver os lugares dos vertidos controlados, as posibilidades de ampliación do abastecemento, de mellora das redes existentes no centro urbano que recollen pluviais e fecais conxuntamente. Un plan integral que se poida levar a cabo exitosamente e que nos beneficie a todos. Un plan de elaboración participativa de todos os concelleiros, no que tamén estivesen presentes os técnicos redactores e a empresa concesionaria do servizos de saneamento e abastecemento.

Intervén o Sr. Vidal Ríos, voceiro do grupo político BNG, que sinala que está de acordo que a maior parte da rede actual de abastecemento que é de fibrocemento é necesario substituíla. Para que tivese máis efectividade vir vindo dende Merelle. Pola súa parte non haberá problema en asistir ás reunións e acordar entre todos cales son as prioridades das inversións municipais. Aceptan a emenda.

Intervén o Sr. Manteiga García, voceiro do grupo político mixto-PSdeG-PSOE, que sinala que lles parece unha moción axeitada para a mellora da rede de saneamento e abastecemento municipal. Están de acordo.

Intervén o Sr. Regos Boquete, voceiro do grupo político UxO, que sinala que a empresa concesionaria xa ten os planos, xa fixo o estudo. Cando se licitou a concesión do servizo fíxose un proxecto bastante actualizado. Iso non implica que haxa que facer algunha modificación cando sexa necesario.

Intervén o Sr. Alcalde, que sinala que a moción está ben. As redes privadas nun noventa e cinco por cento están sen legalizar. É competencia de Augas de Galicia. Vai a ser moi difícil xustificar facer un traballo nunha rede privada con diñeiro público.

Intervén o Sr. Vidal Ríos, voceiro do grupo político BNG, que sinala que so pide que se recollan esas redes privadas nun plano.

Intervén o Sr. Alcalde, que sinala que esas redes privadas hai que levantalas, grafialas. Ten claro que é viable cando nin Augas de Galicia é capaz de facelo.

Intervén o Sr. Vidal Ríos, voceiro do grupo político BNG, que pregunta se ten claro onde ten que actuar en cada parroquia.

Intervén o Sr. Alcalde, que sinala que ningunha desas redes privadas ten potabilizadora, actuar por directriz europea é en todas. Ningunha delas está homologada para subministro a esas vivendas.

Intervén o Sr. Vidal Ríos, voceiro do grupo político BNG, que sinala que non nos entende, non pide actuar en redes privadas. E non será tan difícil dicir que en tal parroquia, núcleo dispónse de tales servizos. O espírito da moción é saber de que servizos de dispoñen, cales se necesitan. Sempre se anda a rumbo.

Intervén o Sr. Alcalde, que sinala que este é un traballo que leva tempo. O máis importante agora é aprobar o PXOM, ver a rede pública e se é viable incluír as redes públicas



CONCELLO DE ORDES

(A CORUÑA)

FOLLA Nº 13

neste estudo. Van a votar a favor. O Plan integral esta ben, hai que dotalo de fondos. O tema das redes privadas quere un informe xurídico que indique se se poden incluír.

Intervén o Sr. Vidal Ríos, voceiro do grupo político BNG, que sinala que se non é posible polo menos definir en cada parroquia que servizos ten, redes privadas ou públicas.

Tras unha pequena deliberación, o Pleno Corporativo Municipal, en votación ordinaria, por maioría de quince votos a favor (5 grupo político PP, 4 grupo político UxO, 3 grupo político BNG, Sr. Manteiga García, Sr. González Santos, Sra. Martínez Candal), sendo dezasete o número legal dos seus membros, adoptou o seguinte acordo:

1.- O pleno do concello de Ordes insta ao Alcalde a levar a cabo os trámites precisos para dispor dunha documentación gráfica onde queden recollidas a totalidade das redes de saneamento e abastecemento de auga, tanto públicas como veciñais.

2.- O pleno do concello de Ordes insta ao alcalde a que dita documentación, unha vez elaborada, sexa publicada na páxina web municipal, actualizada constantemente e accesible a toda a veciñanza.

3.- Elaborar un plan integral de abastecemento e saneamento de todo o concello, que recolla as redes existentes e o seu estado actual.

Intervén o Sr. Vidal Ríos, voceiro do grupo político BNG, que presenta a moción que se transcribe a continuación.

“No pasado pleno ordinario do mes de outubro, o alcalde anunciou que a partida destinada nos presupostos municipais para cubrir a aportación municipal para a construción do Centro Sociocomunitario no ano 2017, sería destinada ao remate das plantas superiores da antiga casa consistorial, agás da planta baixo cuberta xunto ao reloxo, onde antigamente se situaba o arquivo.

O BNG de Ordes, xa cando en setembro de 2016 se tratou a integración do concello de Ordes no Consorcio Galego de Servizos de Igualdade e Benestar, votou en contra da proposta posto que cremos que non é preciso gastar 600.000 € de fondos públicos nun novo edificio que logo hai que amoblar, manter, limpar, correr cos gastos de electricidade, calefacción, ...

Nese mesmo pleno puxemos enriba da mesa unha alternativa como é o remate da antiga casa consistorial para trasladar ali toda a actividade que se está a realizar no novo edificio que se atopa detrás da antiga casa consistorial (concello novo). Con este edificio liberado, mediante unhas pequenas operacións de redistribución interior, poderíase mudar o seu uso para destinalo a centro sociocomunitario, xa que ademais ten unhas dimensións e formas semellantes ao proxectado na entrada do paseo Ramiro Recouso Liste.

Cabe recordar que o futuro centro sociocomunitario, tamén vai albergar parte dos servizos sociais. Desde o BNG entendemos que nun concello da entidade de Ordes, ten moito máis senso que todo estea centralizado en torno á casa consistorial e non andar dispersando por diversas rúas do concello os servizos municipais, para evitar marear a veciñanza.



CONCELLO DE ORDES

(A CORUÑA)

FOLLA N° 14

E polo que propoñemos ao Pleno da Corporación Municipal a adopción dos seguintes acordos:

O pleno do concello de Ordes insta ao alcalde a reformular a construción do Centro Sociocomunitario, reformando o edificio existente na zona posterior da antiga casa consistorial (concello novo) para albergar ditas instalacións, renunciando deste xeito á construción do novo edificio na parcela municipal existente na entrada do paseo Ramiro Recouso Liste”.

Sometida a votación a urxencia da moción presentada, esta resultou apreciada por maioría de quince votos a favor (5 grupo político PP, 4 grupo político UxO, 3 grupo político BNG, Sr. Manteiga García, Sr. González Santos, Sra. Martínez Candal), sendo dezasete o número legal de membros desta corporación, procedendo seguidamente o seu debate e votación.

Polo Sr. Alcalde ábrese unha primeira quenda de intervencións.

Intervén o Sr. González Santos, concelleiro non adscrito, que sinala que vai a votar en contra da moción. A ampliación da Casa Consistorial é necesaria para os servizos do concello, hai moitos servizos que non se están a prestar. Os grupos políticos, tenentes de alcalde non teñen locais para o desenvolvemento das súas funcións. O espazo fai falta.

Intervén a Sra. Martínez Candal, concelleira non adscrita, que sinala que lle parece precipitado dicir que non ou dicir que si. É moi atractivo dicir que non a un gasto de seiscentos mil euros para unha obra que si que semella faraónica e máis cando hai un centro comarcal totalmente paralizado. Queda lonxe para centro sociocomunitario. Parece axeitado utilizar a zona posterior da Casa Consistorial para centro sociocomunitario, pero é algo que debemos estudar. Non tirarse á piscina. No seu día fíxose este proxecto dunha maneira moi rápida sen comprobar outra viabilidade. É algo que debería quedar enriba da mesa e estudar entre todos as posibilidades.

Intervén o Sr. Manteiga García, voceiro do grupo político mixto-PSdeG-PSOE, que sinala que no seu día se pediu que se o centro comarcal non se podía destinar a centro de emprego se puidese utilizar como centro de día. Hai un convenio co Consorcio Galego de Servizos de Benestar para a construción dun centro sociocomunitario ao que se lle quere dar o nome de Isabel Zendal que está ubicado ao carón do paseo do río, parécelles o máis axeitado para o tempo de lecer das persoas maiores. Votarán en contra da moción.

Intervén o Sr. Regos Boquete, voceiro do grupo político UxO, que pide que o Alcalde informe sobre a sinatura do convenio. Todo o que se faga para Ordes é importante, igual que un edificio sociocomunitario. O concello ten unhas carencias de espazo como dixo o Sr. González Santos. Ten un servizo cara os cidadáns é moi importante. Na sengunda rolda decidirán o seu voto.

Intervén o Sr. Alcalde, que sinala que o seu voto vai a ser en contra. A competencia é da Alcaldía, non todo o ten que decidir o pleno. O Alcalde e o seu goberno ten un programa a desenvolver. Isto é parte do noso programa que queremos cumprir. Nese centro



CONCELLO DE ORDES

(A CORUÑA)

FOLLA Nº 15

sociocomunitario empezaron a traballar en xullo de 2015, que vai a ser unha realidade antes de maio de 2019. No seu día fíxose un anteproxecto para que o aprobase Política Social, que foi aprobado con todas as garantías concedendo unha subvención de trescentos mil euros. Estase traballando para que se incremente esa dotación e conseguir máis cartos. Recentemente estiveron co Conselleiro e co seu equipo falando ao respecto. Este ano non foi posible asinar este convenio, xa o sinalou cando dixo que a non aprobación dos orzamentos non ía permitir a súa sinatura. Por iso a día de hoxe se fixo unha modificación para que eses cento corenta e oito mil euros, partes deles cento quince mil euros se destinasen a executar un proxecto de remate da pranta alta do edificio da Casa Consistorial, dous baños, seis despachos, un arquivo e unha sala de xuntas. Vai a asinarse unha addenda ao convenio, agora é imposible executar o centro sociocomunitario na anualidade 2018, era un plan bianual. Haberá partidas para o 2018 e 2019 para poder executar esta obra. Hai un acordo plenario de adhesión ao Consorcio, no que sempre se indicou que era co compromiso de construción dun centrosociocomunitario non noso municipio. Non ten lugar que agora se trate de revogar ese acordo. Anunciar e propor está moi ben, o invita a ver como traballa o persoal municipal no edificio administrativo. Por moito que nos cambiemos para a parte de adiante aínda hai moia xente que habería que reubicar e que tería que traballar noutras condicións. Non hai espazo para ubicar aí os servizos sociais, é imposible. Mire a RPT e vexa as prazas que hai que convocar, a ver onde metemos despois ese persoal. O centro sociocomunitario esta previsto para servizos sociais, centro de envellecemento activo, centro de maiores e unha cuarta pranta pendente de determinar a súa distribución. Este edificio terá uns gastos de mantemento ao igual que terá o viveiro de empresas. Calquera destes dous proxectos son interesantes, pero está convencido que a día de hoxe a veciñanza de Ordes vería con gusto que o centro sociocomunitario fose unha realidade e non outras propostas que temos debatido, chegado a un acordo e nas que estamos dispostos a arriscar diñeiro público para que poidan ser unha realidade. O anima a que analice o edificio pranta a pranta e saque as súas conclusións. Non todos os servizos teñen que estar centralizados, poden ser operativos separados. O seu voto vai a ser un rotundo non. Este edificio é un compromiso coa veciñanza que están tratando de cumprir.

Polo Sr. Alcalde ábrese unha segunda quenda de intervencións.

Intervén o Sr. Vidal Ríos, voceiro do grupo político BNG, que sinala que se pode haber locais para os grupos políticos moito mellor, non é unha prioridade agora mesmo. Xa estamos a estudar o destino, unha vez construído do edificio de nada vale que se estude, haberá que tratalo antes de que se faga. É certo que é un diñeiro que ven para Ordes, pero son fondos públicos que se poderían aforrar ou destinar a outra serie de carencias que temos no concello. É evidente que a determinación das obras é unha competencia da Alcaldía, pero tamén é competencia do concelleiro vir aquí e presentar propostas que considere oportunas, incluso ante situacións que poden facerse mellor ou xestionar doutra maneira, aínda que despois o Alcalde non faga caso ningún. Coa proposta do BNG hoxe en vez de construír un edificio novo e adaptar un edificio existente o centro sociocomunitario existiría, simplemente se trata de aproveitar os recursos que temos no concello e iso é xestionar. Entenden que na antiga Casa Consistorial hai moito máis espazo que no concello novo. A policía local esta nun soto pero comprouse un baixo que esta ocupado pola Garda Civil, terá o Ministerio do Interior que construír unha Casa Cuartel, Ordes non ten que ser diferente a outros lados. Se a policía local vai para esta ubicación, liberarase este espazo para outros servizos. Están os baixos da Alameda que tamén se poderán redistribuír para adaptarse a eses servizos. Cada un ten a súa forma de xestionar. Dende o BNG intentamos que



CONCELLO DE ORDES

(A CORUÑA)

FOLLA Nº 16

se decida antes de que se constrúa, despois non hai marcha atrás. O ven deste xeito, por iso o propoñen así. Os gastos do viveiro de empresas, esa é unha diferenza fundamental co que están a falar agora. O Centro Comarcal xa está construído, os gastos de mantemento do edificio están aí, haxa o que haxa. Veremos a ver os gastos de conservación polo paso do tempo. Vostede ten o seu parecer, nos expomos o mesmo. En vez de construír novos edificios que ven innecesarios reorganizar os existentes.

Intervén a Sra. Martínez Candal, concelleira non adscrita, que sinala que se vai abster neste punto. Aínda que a competencia é do Alcalde poderían consensuarse estas decisións co resto dos concelleiros.

Intervén o Sr. Manteiga García, voceiro do grupo político mixto-PSdeG-PSOE, que sinala que se reafirman no dito na primeira rolda.

Intervén o Sr. Regos Boquete, voceiro do grupo político UxO, que sinala que agora despois de tanto tempo se nos esta a dar a razón de que a ampliación da Casa Consistorial era necesaria, como os baixos da Alameda. Canto se usa esta sala, é fan falta máis espazos para servizos para os veciños.

Intervén o Sr. Alcalde, que sinala que non discute que o edificio fai falta pero a obra puido ser deseñada doutra forma. Estase a traballar para poder incrementar o importe da subvención nun cincuenta por cento, así llo fixeron saber á Consellería. Esperan a incorporación da addenda que permita trasladar parte do crédito ao ano 2019 para que non haxa que executar toda a obra no ano 2018, que non poderían facer salvo que consigan facer unha modificación do orzamento prorrogado ou aprobar un orzamento novo. O seu compromiso é firme polo que o que se trae non o van a aceptar como reestruturación.

Tras unha pequena deliberación, o Pleno Corporativo Municipal, en votación ordinaria, por maioría de nove votos en contra (5 grupo político PP, Sr. Manteiga García, Sr. Caamaño Fraga, Sr. González Santos, Sr. Vázquez Raña), tres votos a favor (grupo político BNG), coas abstencións (4 grupo político UxO e Sra. Martínez Candal), sendo dezasete o número legal dos seus membros, rexeitou a moción presentada polo grupo político BNG.

PUNTO QUINTO: ROGOS E PREGUNTAS.

Ao abeiro do disposto no art. 21 do Regulamento Orgánico Municipal, o Sr. Alcalde abre unha quenda de rogos e preguntas, dirixíndose aos Srs. Concelleiros por se desexan intervir neste sentido, sinalando que as preguntas formuladas polos Srs. Concelleiros serán contestadas polo seu destinatario na sesión seguinte, sen prexuízo de que o preguntado queira darlle resposta inmediata.

Primeiramente ábrese unha quenda de formulación de rogos polos distintos grupos políticos e concelleiros.



CONCELLO DE ORDES

(A CORUÑA)

FOLLA Nº 17

Intervén o Sr. González Santos, concelleiro non adscrito, formula os rogos que se transcriben a continuación:

- Na rúa Roberto Forján do Mesón do Vento trala execución das obras de beirarrúas e asfaltado da mesma no ano 2015 quedou invadindo a estrada co conseguinte perigo para a circulación un poste de madeira e o seu correspondente tirante de aceiro.

Por todo isto, instamos ao Sr. Alcalde ao seguinte:

Que dito poste de madeira sexa substituído por un novo poste de formigón a colocar na parte posterior da beirarrúa (desa maneira non precisará ser empregado ningún tirante de aceiro para aseguralo).

Intervén o Sr. Alcalde, que sinala que tratarán este rogo coa empresa para que se resolva canto antes.

- Na Alameda do Soldado Lois hai unha árbore que secou fai un par de anos, indicando no seu momento o Sr. Alcalde que se houbese unha árbore similar para substituíla procederían a facelo.

Por todo isto, instamos ao Sr. Alcalde ao seguinte:

No campo da feira antigo da Adina Vella están ubicadas as árbores que no seu día se trasladaron a consecuencia da ampliación da Casa do Concello. De entre as 7 unidades trasladadas naquel momento creemos que hai unha que podería encaixar perfectamente na Alameda tanto pola súa altura (2,40 metros) como polo seu diámetro (70 centímetros).

Intervén o Sr. Alcalde, que sinala que valorarán isto. Na Alameda hai unha árbore que esta seca e temos outras dúas que o seu estado sanitario é bastante preocupante. Esta árbore da que fala se pode adaptar. Hai unha persoa privada que se dirixiu aos empregados municipais ofrecendo unha que se pode adaptar. Analizarán esta situación.

Intervén a Sra. Martínez Candal, concelleira non adscrita, formula os rogos que se transcriben a continuación:

- En xaneiro contratábanse uns determinados servizos relativos ós subministros eléctricos do Concello, entre estes servizos encontrábanse:
 - 1.- Optimización da factura eléctrica.
 - 2.- Reclamación de erros da factura eléctrica.



CONCELLO DE ORDES

(A CORUÑA)

FOLLA Nº 18

- 3.- Redacción de pregos para a licitación do contrato de subministro de enerxía eléctrica ao Concello de Ordes.
- 4.- Redacción do proxecto de compensación reactiva.
- 5.- Realización de inventario e Gis de puntos de subministro eléctrico municipal, e realización de inventario e Gis de puntos de suministro e puntos de luz de alumado público municipal.
- 6.- Realización de auditoría de alumado público municipal.

E por todo isto polo que formulo o seguinte rogo ao Sr. Alcalde:

Sexa remitido o informe de auditoría do alumado público do Concello aos concelleiros, ademáis de dar conta no pleno do resultado da mesma.

Sexan remitidos os inventarios de puntos de subministro eléctrico e puntos de luz de alumado público municipal aos concelleiros, ademáis de dar conta no pleno do resultado dos inventarios realizados.

Remitir aos concelleiros, tanto as reclamacións realizadas ata o de agora á compañía subministradora, resultados da optimización da factura eléctrica, relación de pregos redactados para o contrato de subministro de enerxía ata o de agora, e copia do proxecto de compensación reactiva.

Intervén o Sr. Alcalde, que sinala que os catro primeiros puntos están rematados, o quinto e o sexto están pendentes que nos fagan a presentación do Gis e auditoría. Espera que estean antes do remate do ano, esta pendente de fixar unha data para coñecemento do avance dos traballos. Tan pronto estean rematados poderase organizar unha charla. Os traballos de optimización de factura eléctrica, reclamación de erros, redacción de pregos e redacción de proxecto de compensación reactiva, a documentación pode pasar a vela cando queira.

- Se solicite a todas as distribuidoras de electricidade coas que teña contratos o Concello de Ordes, informen sobre o tipo de contratos existentes co Concello de Ordes para solventar posteriormente se fose necesario, se existise algún caso máis coma o que se está dando no Tanatorio municipal do Valado, no cal se está subministrando en base a un contrato de obra, cando se trata de un local de pública concorrencia, e en ningún caso pode usarse este tipo de contrato máis que para o seu fin (o de subministrar electricidade para a realización da obra).

Dar conta no pleno do Concello de Ordes sobre estes informes.

Intervén o Sr. Alcalde, que sinala que o 13 de novembro cando se fixo a solicitude, tamén se pediu que se fixese unha aclaración de se tiñan constancia de algún outro, podía producirse o mesmo erro. O que pide vostede xa o fixo o departamento de intervención. A afirmación de contrato existente de obra ten a súa salvedade, nin eles teñen claro que puido ter cometido o erro. A documentación se fixo e existe.

Intervén a Sra. Martínez Candal, que pide que cando se teña a resposta das distribuidoras teña a ben dar conta no pleno. Non trata de votarlle a culpa a ninguén.



CONCELLO DE ORDES

(A CORUÑA)

FOLLA Nº 19

Intervén o Sr. Manteiga García, voceiro do grupo político mixto-PSdeG-PSOE, formula os rogos que se transcriben a continuación:

- Na rúa Alfonso Senra na N550, saíndo de Ordes cara Santiago, á altura do antigo serradoiro de Mirás, existe un paso de peóns inseguro para os veciños que o cruzan debido a que os vehículos que circulan pola estrada nese punto entran a moita velocidade na vila e non se percatan de dito paso. Xa non é a primeira vez que as persoas que o cruzan teñen tido riscos de atropelo.

Na súa condición de portavoz municipal do PSdG-PSOE no concello de Ordes formúlalle ao Sr. Alcalde o seguinte rogo:

Instamos ó Concello de Ordes a que solicite ó Ministerio de Fomento como titular da estrada N550 a que instale un semáforo no paso de peóns para evitar riscos de atropelos.

Intervén o Sr. Alcalde, que sinala que farán a solicitude. Darase conta da contestación.

- Veciños e veciñas de Ordes titulares de tarxetas de estacionamento para prazas de discapacitados achegaron á Agrupación Socialista de Ordes as súas queixas de que persoas que non son titulares destas tarxetas están ocupando as prazas de aparcamento reservadas para discapacitados.

Na súa condición de portavoz municipal do PSdG-PSOE no concello de Ordes formúlalle ao Sr. Alcalde o seguinte rogo.

Instamos ó Concello de Ordes a que a Policía Municipal controle que os vehículos que usan as prazas reservadas a discapacitados posúan a tarxeta vixente e viaxe no vehículo a persoa titular da devandita tarxeta.

Intervén o Sr. Alcalde, que sinala que pedirase á policía local para que incremente a vixilancia. Se se coñece algún caso puntual calquera veciño poder avisar á policía local.

- No Paseo Iván Raña existe á altura da fonte unha reixa de sumidoiro en moi mal estado que atravesa o carril bici, o que provoca unha situación de risco de caídas, incluso algún usuario xa caeu debido a tropezar nesa reixa.

Na súa condición de portavoz municipal do PSdG-PSOE no concello de Ordes formúlalle ao Sr. Alcalde o seguinte rogo:

Instamos ó Concello de Ordes a subsanar a deficiencia instalando unha reixa para evitar riscos.



CONCELLO DE ORDES

(A CORUÑA)

FOLLA N° 20

Intervén o Sr. Alcalde, que sinala que se toma en consideración.

Intervén o Sr. Veiras Carneiro, en representación do grupo político BNG, formula os rogos que se transcriben a continuación:

- Na parroquia de Lesta, moi preto da vía do AVE, no punto sinalado na ortofoto, existen varios refugallos tirados ó lado da pista: tubaxes, urinario.

Solicitamos o seguinte:

Se proceda á recollida e tratamento dos refugallos que alí se atopan.

Intervén o Sr. Alcalde, que sinala que se procederá á retirada.

- Na rotonda do Paraíso, a farola sinalada na ortofoto adxunta está fundida, o que provoca inseguridade no paso de peóns que debía estar iluminado.

Solicitamos o seguinte:

Se proceda á reparación de dita farola.

Intervén o Sr. Alcalde, que sinala que se toma en consideración.

- No lugar de Esmorís, moi preto da fonte que hai alí, hai unha canalización que semella ser da canalización das pluviais do polígono industrial, na que se detectou un posible vertido dunha substancia que tinguiu a auga dun color azulado estraño tal e como pode apreciarse nas fotografías

Solicitamos o seguinte:

Se proceda ao análise da auga e se identifique a orixe do posible vertido.

Intervén o Sr. Alcalde, que sinala que a análise de auga de pluviais so é posible cando chove. Hoxe foi alí e non hai nada. O lóxico é que se houbera avisado á policía local e houbera indagado non momento. Hoxe non había nada. Agora non ten lóxica ningunha.

- No Mesón do Vento, preto da nave da feira, existe unha farola notablemente inclinada e que parece presentar problemas de anclaxe ó terreno tal e como se pode comprobar nas fotografías adxuntas.



CONCELLO DE ORDES

(A CORUÑA)

FOLLA Nº 21

Solicitamos o seguinte:

Se proceda á reparación de dita farola.

Intervén o Sr. Alcalde, que sinala que como se lles dixo debería estar reparada dende o día 22, o seu rogo é do día 23.

Intervén o Sr. Vidal Ríos, voceiro do grupo político BNG, formula os rogos que se transcriben a continuación:

- Segundo as bases para a selección do alumnado traballador do Obradoiro de Emprego Ordes-Frades II as persoas que desexaban participar como alumnado-traballador debían apuntarse na correspondente oferta na Oficina de Emprego de Ordes. Sobre este listaxe o grupo de traballo mixto faría unha preselección de candidatos para logo proceder á selección definitiva das persoas candidatas.

O problema radica en que durante o proceso tiveron lugar irregularidades que derivaron nunha total destrución do principio de igualdade xa que varias persoas foron notificadas de que estaban preseleccionadas como candidatas a alumnado-traballador do Obradoiro de Emprego o mesmo día que remataba o prazo para a presentación da documentación xustificativa e puntuable, o día 9 de novembro. Documentación que nalgúns casos pode tardar varios días en reunirse.

Calquera administración pode cometer erros durante a actividade administrativa diaria, pero cando menos debe admitilos e solucionarlos, co cal debería repetirse o proceso de selección do alumnado traballador, ou cando menos abrir un novo prazo para a presentación da documentación xustificativa puntuable para que as persoas afectadas poidan obter a puntuación que realmente merecen e participar no proceso cunha completa garantía de igualdade de oportunidades.

Solicitamos o seguinte

Que se emprace ao grupo de traballo mixto a repetir o proceso de selección de candidatos a alumnado-traballador do Obradoiro de Emprego Ordes-Frades II, ou cando menos que se abra un novo prazo para a presentación da documentación xustificativa para que as persoas afectadas pola notificación tardía poidan presentar esta documentación e ser puntuadas tal e como se merecen participando no proceso de selección en igualdade de condicións que o resto da xente.

Intervén a Sra. García Gómez, concelleira delegada de emprego, que sinala que trasladado este rogo á Comisión Mixta do Obradoiro fixo un informe do que lle darán traslado. A Comisión Mixta tiña a obriga de convocar tres persoas por posto, sesenta postos, acordou incluír a todos os demandantes que o tiveran solicitado para manter o principio de igualdade de oportunidades. O prazo para solicitar participar no obradoiro de emprego está aberto todo o ano.



CONCELLO DE ORDES

(A CORUÑA)

FOLLA N° 22

A documentación que se require aos alumnos a teñen que ter en todo momento excepto a vida laboral, que canto máis actualizada mellor. O tema das recollidas explícase no informe.

Intervén o Sr. Vidal Ríos, que sinala que o propio grupo de traballo mixto recoñeceu que as cartas chegaron tarde. Houbo xente ás que lle chegaron tarde polo que non participaron en igualdade de oportunidades. Algunha o propio día nove pola tarde. Débese garantir que todas as persoas teñan o mesmo prazo para a presentación da documentación xustificativa que lles puntúa.

Intervén a Sra. García Gómez, que sinala que lle dará traslado do informe. Existiu igualdade de oportunidades para todo o mundo. Cando se quere concorrer a unha oferta de emprego hai que estar pendentes coa documentación en regra para poder presentala.

Intervén o Sr. Vidal Ríos, que sinala que se chega unha notificación para presentar unha documentación cando rematou o prazo.

Intervén a Sra. García Gómez, que sinala que todos os preseleccionados sabían que tiñan que presentar a documentación. Todos os que solicitaron a participación sabían que ían a ser requiridos para a presentación da documentación.

Intervén o Sr. Alcalde, que sinala que a conclusión do grupo mixto de traballo é que non houbo ningunha reclamación, era esa xente a que tiña que ter reclamado. So son dúas as notificacións que non chegaron por que ninguén as recolleu, todas as demais chegaron. Algunha o último día pero ao terceiro intento. Iso di moito dunha persoa que estaba interesada nun obradoiro de emprego.

Intervén o Sr. Vidal Ríos, que sinala que a el lle aseguran que non lles chegou ningunha notificación, algúns son familiares. O que paso esta aí, o recoñeceu o propio grupo de traballo mixto. Isto non pode acontecer no próximo obradoiro de emprego.

Intervén o Sr. Alcalde, que sinala que foron cento cincuenta e seis notificacións e saíron todas o día seis. Ninguén reclamou polos prazos.

- É habitual que polas rúas de Ordes podamos atopar numerosos casos de vehículos mal estacionados, subidos nas beirarrúas, invadindo pasos de peóns ou mesmo completamente parados coas sinalizacións de emerxencia acesas no medio dun cruce de varias rúas.

Os casos máis reiterados danse nas proximidades do cruce da rúa de Campeiras coa rúa do Recreo (sobre todo a mediodía), no cruce da rúa do Mirón coa rúa do Recreo ou coa rúa peonil, na rúa da Canteira ou na rúa Casavella.

Por todo isto instamos ao alcalde ao seguinte:

A que leve a cabo unha campaña de concienciación sobre o estacionamento axeitado dos vehículos.

A que os/as axentes da Policía Local intensifiquen a súa labor de vixilancia e apliquen as sancións correspondentes.



CONCELLO DE ORDES

(A CORUÑA)

FOLLA Nº 23

Intervén o Sr. Alcalde, que sinala que corresponde á policía local vixiar o cumprimento das ordenanzas municipais, en particular da ordenanza de tráfico. Non están en todas as rúas ao mesmo tempo, é imposible. Todo se corrixe con multas, é a solución práctica. Está de acordo co que plantexa.

- Dende a aprobación do Regulamento de Organización e Funcionamento do Consello Escolar Municipal, o pasado 14 de novembro de 2013, estase a producir un incumprimento reiterado do mesmo.

Este grupo municipal solicitou en varias ocasións que nos fose remitido o informe sobre o estado do ensino no municipio, tal e como establece o citado regulamento, pero o goberno municipal limitase a dar continuamente largas, eludindo por completo as súas obrigas.

Por todo isto instamos ao alcalde ao seguinte:

A que nos sexan remitidos os informes sobre o estado do ensino no concello de Ordes dos anos 2016 e 2017, tal e como se recolle no artigo 20 do regulamento de organización e funcionamento do consello escolar municipal do concello de Ordes.

Intervén a Sra. García Gómez, concelleira delegada de educación, que sinala que os informes están feitos. A Comisión Permanente reúne-se o próximo luns, convocarase antes de final de ano para a súa aprobación polo Pleno do CEM. En decembro terá o informe.

- Na Avda. Alfonso Senra, á altura do edificio nº 15, existe un bordo transversal á beirarrúa que representa un obstáculo e impide unha total circulación accesible, ademáis de constituír un elemento de grande risco, xa que é orixe de numerosos tropezoños (ver fotografías que se acompañan).

A pesares de ter xa trasladado no pleno ordinario do mes de abril o presente rogo, a día de hoxe non se fixo nada desde o goberno municipal para solucionar a situación.

Por todo isto instamos ao alcalde ao seguinte:

A que se retire o bordo existente nesa zona.

Intervén o Sr. Alcalde, que sinala que non todos os veciños están de acordo en retiralo. O intenta outra vez. Hai que resolver tamén o problema do pequeno desnivel.

Intervén o Sr. Vidal Ríos, que sinala que é un ben de dominio público. Se tropeza calquera. Aínda que haxa ancho suficiente non ten sentido.



CONCELLO DE ORDES

(A CORUÑA)

FOLLA Nº 24

- No lugar do Castro de Leira, existe un poste no medio e medio dun cruce de camiños, que como se adoita dicir, quedoulle ben descansada a cabeza a quen o puxo alí.

Por todo isto instamos ao alcalde ao seguinte:

A que se leven a cabo as xestións precisas para modificar a posición do citado poste cara unha situación lóxica e que non dificulte a circulación como o está a facer a día de hoxe.

Intervén o Sr. Alcalde, que sinala que se tratará coa empresa de telefonía para ver se se pode resolver.

- Nas escaleiras que dan acceso á alameda desde a rúa do Recreo, as augas pluviais que se recollen no canalón perimetral, son vertidas a través dunha baixante directamente a un dos chanzos da escaleira, para logo correr ata un sumidoiro lonxitudinal existente no arranque da citada escaleira.

Mediante unha sinxela operación de albanelería, podería conectarse directamente a baixante con dito sumidoiro, evitando esta solución chapuceira e insalubre (tal e como se pode apreciar na fotografía que se acompaña).

Por todo isto instamos ao alcalde ao seguinte:

A que se conecte directamente a baixante que conduce as augas procedentes do canalón perimetral da alameda, co sumidoiro lonxitudinal existente no arranque das citadas escaleiras.

Intervén o Sr. Alcalde, que sinala que se executará esta petición.

- No tramo entre a Ponte da Pinguela e o Paraíso, os vehículos circulan a gran velocidade, chegando nalgúns casos a invadir a senda peonil.

A isto hai que sumarlle a escasa visibilidade na zona polo nulo respecto das distancias das prantacións arbóreas na zona, co consecuente asombramento da estrada (xeo), risco de incendios cara as vivendas, caída de rolla ou mesmo árbores,...

Por todo isto instamos ao alcalde ao seguinte:

A que solicite á Deputación da Coruña a que estude e instale na zona medidas para reducir a velocidade dos vehículos.

A que o alcalde asuma as competencias que lle outorga a ordenanza municipal nº 24, reguladora sobre prantacións e repoboacións forestais, e inste as persoas propietarias a respectar as distancias á estrada e ás vivendas e núcleos de poboación.



CONCELLO DE ORDES

(A CORUÑA)

FOLLA N° 25

Intervén o Sr. Alcalde, que sinala que esa solicitude está feita, xa se reiterou de segundas. A ordenanza municipal está derogada tácitamente pola Lei de montes e o decreto de prevención de incendios. O solo rústico é competencia do distrito, en solo de núcleo rural corresponde ao concello. Fíxose un bando municipal recordando a distancia a vivendas e pistas. Todas as denuncias se están a tramitar.

Intervén o Sr. Vidal Ríos, que pide que se faga un informe pola policía local e se remita a quen ten as competencias para que actúe.

Intervén o Sr. Alcalde, que sinala que espera que o Distrito 3 faga o que fixo o Distrito 2 que é ir colocando carteliños en todas as vías advertindo das sancións. Esta petición esta formulada para que se poña en práctica. Estarán vixiantes e recordarán a obriga de cumprimento das distancias.

- No tramo que comunica Trabes coa Rúa, da estrada principal de Buscás, existen numerosas fochancas (sobre todo no tramo do Lg. de Vilariño).

Ademáis existen recentes zanzas que foron realizadas para o cruce de instalacións pola estrada, cuxo recheo repisou ou non está ben executado (nos lugares de Vilariño e na Rúa a carón da Igrexa).

Por todo isto instamos ao alcalde ao seguinte:

A que se leven a cabo operacións de rebacheo no firme de dita estrada para que, cando menos, se solucionen estas eivas ata efectuar sobre a mesma futuras obras de aglomerado.

A sinalizar axeitadamente a limitación de velocidade na curva de Vilariño, mesmo estudar unha limitación de velocidade a 30 km/h na mesma dada a perigosidade.

Intervén o Sr. Alcalde, que sinala que pasarán a velo e llo fará saber á policía local.

Intervén o Sr. Vidal Ríos, que sinala que hai fochancas, sobre todo na zona de Vilariño. Hai uns pases que fixeron recentemente que repisaron e molestan.

Intervén o Sr. Iglesias Vieites, en representación do grupo político UxO, formula os rogos que se transcriben a continuación:

- O polideportivo do colexio Campomaioir presenta problemas de humidade e condensación. Isto ocasiona que o pavimento posto recentemente, os días de choiva, quede totalmente impracticable. Varios pais e nais de alumnos/as que estudan neste centro así nolo fixeron saber.

Debido a este problema os alumnos/alumnas de primaria, os días que chove, non poden facer uso da instalación, e como consecuencia disto levan meses quedando na aula durante o tempo de recreo.



CONCELLO DE ORDES

(A CORUÑA)

FOLLA Nº 26

Dende Unión por Ordes creemos que é necesario solucionar este problema canto antes.

Por tanto, rogamos e solicitamos o Sr. Alcalde:

Que se encontre unha solución o problema con carácter urxente.

Que se nos Informe das medidas que se van a adoptar para solucionar dito problema.

Intervén a Sra. García Gómez, concelleira delegada de educación, que sinala que non son meses, durante todo o curso pasado estiveron saíndo. Este ano por decisión do claustro non saíron. Decidiron agora saír pouco a pouco. Tiveron unha conversa coa Consellería e co Centro, trasladaron que as obras están feitas con arreglo ao proxecto técnico, esta a acta de recepción das obras. O pavillón tecnicamente non ten ningún problema.

Intervén o Sr. Iglesias Vieites, en representación do grupo político UxO, que sinala que a nos nos trasladaron varios pais que durante dous meses os nenos de primaria non saían ao recreo, non podían ir á instalación por que os profesores non se arriscaban a que os nenos esvarasen e levasen un golpe. Eses problemas hai que solucionarlos o antes posible.

Intervén o Sr. Alcalde, que sinala que o debate está moi ben. Alí van nenos de segundo a sexto de primaria. A decisión a tomou o claustro. Eles decidiron non saír, non choveu ata a semana pasada. Onte saíron, hoxe saíron. De momento non está a pasar nada. Espera que coa documentación que se trasladou non haxa problema durante o curso escolar.

- No cruce da rúa Eduardo Pondal, á altura do bar “Rei de Copas”, a sinalización viaria pintada no pavimento non concorda coa sinalización vertical existente. A pesares de que se repintou de gris por enriba, segue dando lugar a confusións como podemos observar nas fotografías (axúntanse fotografías).

Por tanto, rogamos e solicitamos o Sr. Alcalde:

Que se realice un repintado da vía de maneira que non dea pe a posibles confusións.

Intervén o Sr. Alcalde, que sinala que se tratará de solucionar. Polo código da circulación sempre prevalece a sinal vertical que sempre esta correcta.

- Na parroquia de Ardmil e Vilamaior existen varios vertedoiros incontrolados como se pode ver nas fotografías (caixas de bebidas, tubos de plástico, frigoríficos, rodas, ...) concretamente nas zonas de:

Carballeira (Ardemil), situado ao lado do camiño inglés.

Casa do monte, pista que transcorre paralela á autoestrada (Vilamaior).

Por tanto, rogamos e solicitamos o Sr. Alcalde:

Que se realicen as tarefas de limpeza necesarias nestes lugares.



CONCELLO DE ORDES
(A CORUÑA)

FOLLA Nº 27

Intervén o Sr. Alcalde, que sinala que se tratará de localizar.

- Na travesía do Casal, concretamente á altura do nº 55, existe unha zona que se atopa totalmente en penumbra dende hai varios meses. Varios veciños/as trasladaron esta queixa a este grupo político.

Por tanto, rogamos e solicitamos o señor Alcalde:

Que se revise o alumeadado público desta zona.

Intervén o Sr. Alcalde, que pregunta onde está o número cincuenta e cinco.

Intervén o Sr. Iglesias Vieites, que sinala que está entre a casa de Barreiro e a de Emilio. Hai tres farolas fundidas. Teño fotos. Vivo enfronte.

Intervén o Sr. Alcalde, que sinala que onte a noite estás farolas non estaban fundidas.

E non habendo máis asuntos que tratar segundo a orde do día da convocatoria, o Sr. Alcalde levanta a sesión, sendo ás vinte e dúas horas do día ao principio sinalado, e para constancia do que se tratou e dos acordos adoptados, estendo a presente acta, que como Secretario certifico.

O ALCALDE

O SECRETARIO